

CERTAME CULTURAL 2021

Poderá participar todo o alumnado matriculado no IES de Brión no curso 2020/2021, cun máximo de catro traballos, un por cada unha das modalidades das que consta o certame. Esta cita está pensada para conmemorar o 17 de Maio, así que a lingua empregada será o galego. O lema dos traballos será **“NÓS TAMÉN TEMOS MOITO QUE CONTAR!”**

MODALIDADES

Relato curto

Os traballos presentaranse impresos en letra tamaño 12 e interliñado 1,5. A extensión non será inferior a 500 palabras nin superior ás 2.000.

Poesía

Poderanse presentar traballos de calquera estilo e extensión.

Cartaz

Poderase empregar calquera técnica. O tamaño non excederá o DIN-A3. Se a presentación é dixital o formato será en png ou jpg e 300 ppp de resolución.

Narrativas dixitais

Inclúense nesta modalidade vídeos, podcast e memes. A duración dos traballos non superará os 4 minutos. Nesta categoría poderán presentarse traballos individuais ou realizados por grupos de ata 3 persoas.

CATEGORÍAS

En cada modalidade establécense dúas categorías:

CATEGORÍA A: alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO

CATEGORÍA B: alumnado de 4º de ESO e BAC

CERTAME CULTURAL 2021

ENTREGA DOS TRABALLOS

A data límite para participar no certame é o **7 de maio**.

Os traballos enviaranse preferiblemente por correo electrónico á dirección **certamecultural@iesbrion.com** Tamén poden entregarse presencialmente na Biblioteca do centro.

No caso de envío telemático, os traballos só irán identificados cun título, modalidade, categoría á que pertencen e pseudónimo da autora ou autor, sen ningún dato persoal. Remitirase posteriormente outro correo no que se adxuntarán nome real e curso ó que pertence.

Os traballos que se entreguen na Biblioteca irán en sobre pechado que no exterior indicará o título e a modalidade á que se presenta. No interior, dentro doutro sobre máis pequeno, indicárase a identidade real da persoa ou persoas responsables do traballo e o seu curso. No caso dos cartaces, levarán no reverso título e pseudónimo, e entregaranse igualmente acompañados por un sobre pechado cos datos que permitan identificar a autoría do traballo: nome completo e curso.

PREMIOS

Establécense dous premios por categoría en cada unha das modalidades:

1º Premio: Diploma, 20€ en efectivo e cheque de 20€ para material de librería.

2º Premio: Diploma e cheque de 20€ para material de librería

*No caso de traballos colectivos, duplícase o importe do premio.

O xurado poderá decidir deixar deserta algunha categoría. Un dos cartaces gañadores empregárase para a difusión da vindeira edición do Certame Cultural.

O fallo do xurado darase a coñecer no IES, en vésperas do 17 de maio.

A organización do Certame Cultural IES DE BRIÓN 2021 resérvase a potestade de publicar o contido dos traballos gañadores. O obxectivo de dalos a coñecer é exclusivamente poñer en valor o esforzo creativo dos participantes e animar a que cada vez máis alumnado se sume a esta cita.